

ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU VIXILANTES MUNICIPAIS ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE MOAÑA

A Estrada, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 5 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

DOUTRA, Leticia Santos Paz, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Moaña, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta addenda,

EXPOÑEN

1. Con data 05/08/2021 a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Moaña asinaron un convenio de colaboración para asunción pola



Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvementos dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local prazas de auxiliares da policía local. A cláusula oitava do dito convenio prevía que o mesmo tivera unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, de forma expresa para outro período de igual duración (4anos) de común acordo polas partes.

2. Con data 30/07/2025 o Concello de Moaña interesa á Academia Galega de Seguridade Pública a prórroga do dito convenio para seguir contando coa asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da Policía Local e ás prazas de auxiliares de policía local.
3. Co fin de estudar a proposta do Concello de Moaña con data 01/08/2025 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Moaña e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 05.08.2021 entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Moaña para a asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da Policía e ás prazas de auxiliares de policía local.

As partes reunidas

ACORDAN

PRIMEIRO. Vixencia do convenio

Modifícase o prazo establecido na cláusula oitava do convenio, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos máis desde a data de sinatura desta addenda.

SEGUNDO. Publicidade.



1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:
 - a. Identificación das partes que interveñen.
 - b. Importe do financiamento.
 - c. Data da sinatura.
 - d. Finalidade.
 - e. Período de vixencia.

2. A sinatura desta addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior.

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e A alcaldesa do Concello Moaña
presidente do Consello Reitor da Academia Galega de
Seguridade Pública

Diego Calvo Pouso

Leticia Santos Paz

